# XIII Concurso:

# "A Ciencia en Imaxe"

*Organizado polas Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas e Química da Universidade de Santiago de Compostela, xunto coa Real Academia Galega de Ciencias*

Convócase á Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para participar na décimo terceira edición do Concurso *"A Ciencia en Imaxe",* organizado polas Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas e Química da USC e pola Real Academia Galega de Ciencias con motivo da celebración da festividade de San Alberte Magno, patrón das facultades de Ciencias.

## Bases do Concurso

1. **Participantes e temática**

   Esta convocatoria está aberta a toda a Comunidade Universitaria da USC: estudantado, PDI e PTXAS. A autoría das fotografías debe ser individual. A temática do concurso está aberta a calquera contido relacionado coas Ciencias (conceptos fundamentais, científicos/as, fenomenoloxía, aplicacións tecnolóxicas, temas de investigación…).

2. **Premios**

   Poderán concederse ata dous premios:

   - 1º Premio: 200 euros
   - 2º Premio: 100 euros

   Todos os premios están suxeitos á normativa vixente en materia tributaria e estarán suxeitos á retención de IRPF que legalmente corresponda, a cal será detraída do importe bruto do premio no momento de realizarse o pago.

3. **Inscricións e distribución de obras**

   O prazo para inscribirse estenderase dende o día seguinte a súa publicación ata o día 5 de novembro de 2026.

   O rexistro é gratuíto e terá lugar no momento no que a/o concursante envíe o formulario de inscrición e o arquivo coa fotografía á dirección de correo electrónico ciencias.decanato@usc.gal. No asunto indicarase: **A Ciencia en Imaxe**.

   Os datos proporcionados polas persoas participantes non serán utilizados para ningunha finalidade non relacionada co concurso. A USC comprométese a garantir a protección e privacidade dos datos facilitados.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/E9AA-DD77-447E-AFDB
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: E9AA-DD77-447E-AFDB**

**4. Formato**

Cada participante poderá presentar unha única aportación, dixitalizada e realizada con calquera equipo, profesional ou afeccionado, incluído o teléfono móbil.

Cada obra virá acompañada dun título e pode incluír un breve comentario ou reflexión do/a autor/a de non máis de 12 liñas.

As fotografías deben presentarse en formato JPG e ter un máximo de 10 MB. Non poderán ser retocadas electronicamente, tampouco se admiten fotomontaxes nin uso de ferramentas de IA para o seu procesado; unicamente se permiten mínimas correccións de cor e luminosidade. O nome do arquivo debe seguir o seguinte formato: **foto_título_pseudonimo.jpg**. O arquivo non pode conter ningunha información que permita identificar a autoría.

As contribucións deben ser orixinais, inéditas (non publicadas en ningún medio de comunicación, mesmo dixital), non presentadas en edicións anteriores e non premiadas en concursos. De ser o caso, o/a autor/a sería automaticamente descualificado/a.

**5. Composición do xurado e criterios**

O xurado do concurso estará composto por un membro de cada unha das cinco Facultades organizadoras, un membro da Real Academia Galega de Ciencias, actuando como presidente o representante da Facultade de Ciencias, don Enrique M. Cabaleiro Lago. O xurado podería contar coa asesoría dun/dunha experto/a en imaxe.

O xurado decidirá por maioría cales son as obras premiadas, podendo declarar deserto un dos premios. As decisións que adopten os xurados serán inapelables.

Para valorar as obras presentadas o xurado terá en conta os seguintes aspectos:

a) orixinalidade
b) estética
c) capacidade comunicativa
d) calidade
e) adecuación á temática do concurso

**6. Fallo do xurado**

O fallo do xurado publicarase no Taboleiro Electrónico da USC e na páxina web da Facultade de Ciencias.

Os premios entregaranse o día 13 de novembro no Salón de Actos da Facultade de Ciencias da USC durante o acto de celebración do patrón das Ciencias, San Alberte Magno.

**7. Propiedade intelectual**

A presentación ao concurso implica que as persoas participantes teñen a autoría orixinal dos traballos presentados, que posúen todos os dereitos propios e que non violan os dereitos de terceiros. No caso de que estes requirimentos fosen probados falsos, e/ou no caso de que se comezasen accións por parte de terceiros para defender os dereitos sobre a obra, as/os participantes serán responsables desta vulneración, sendo exonerada a organización do concurso de toda responsabilidade.

A participación no concurso *A Ciencia en Imaxe* implica a cesión libre á USC dos dereitos non exclusivos de reprodución, distribución e comunicación pública das obras premiadas. Da mesma forma, a USC podería cedelos a revistas, xornais, editoriais ou sociedades sen ánimo de lucro para as súas actividades de difusión a nivel nacional e internacional.

As persoas premiadas poderán facer públicos os traballos polos medios que consideren facendo constar que recibiron un premio neste concurso.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/E9AA-DD77-447E-AFDB
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: E9AA-DD77-447E-AFDB**

**8. Aceptación das bases**

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra destas bases. Tamén implica, no caso das/os participantes gañadoras/es, a publicación no Taboleiro Electrónico da USC e na páxina web da Facultade de Ciencias dos seus nomes, apelidos e centro de procedencia.

**9. Modificación das bases do concurso**

A organización resérvase o dereito de modificación destas bases se as circunstancias así o requiren. Ditas modificacións publicaranse no Taboleiro Electrónico da USC (https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm) así como na web da Facultade de Ciencias.

Contra a presente convocatoria, poderase interpoñer **recurso de alzada** ante este órgano ou directamente ante a reitora no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En nome das decanas e decanos das Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas e Química da Universidade de Santiago de Compostela e da Real Academia Galega de Ciencias,

Asteria Luzardo Álvarez

Decana da Facultade de Ciencias da USC

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/E9AA-DD77-447E-AFDB
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: E9AA-DD77-447E-AFDB**

# XIII Concurso “A Ciencia en Imaxe”

## FORMULARIO DE INSCRICIÓN

| | |
|---|---|
| DNI | |
| Nome e apelidos | |
| Teléfono | |
| Correo electrónico | |
| Centro de procedencia | |
| Categoría: Estudantado/persoal docente e/ou investigador/PTXAS | |

| FOTOGRAFÍA QUE SE ACOMPAÑA E CONSENTIMENTO (riscar cunha X) | |
|---|---|
| | Título:<br>Seudónimo:<br>Breve comentario ou reflexión: |
| ☐ | Declaro que todos os datos anteriormente indicados son certos e que en calquera momento, a pedimento da USC, estou en disposición de documentalos. |
| ☐ | Declaro ser o/a autor/a e que a aportación que se presenta ao concurso é orixinal, inédita e non premiada noutros concursos nin publicada en ningún medio, incluído o dixital. |
| | De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos serán recompilados pola Universidade de Santiago de Compostela no tratamento denominado “Actividades culturais”, cuxa finalidade é a xestión de congresos e reunións científicas, proxectos e actividades científicas, xestión de proxectos culturais, incluíndo a súa difusión e divulgación a través de publicacións impresas, web, radio e televisión.<br>O responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, protecciondatos@usc.gal .<br>Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es .<br>A base de xustificación deste tratamento é o consentimento das persoas interesadas.<br>Non se cederán datos agás nos supostos de obrigas legais. |

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/E9AA-DD77-447E-AFDB
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: E9AA-DD77-447E-AFDB**

| | |
|---|---|
| | As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica en https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm .<br><br>Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna.<br>Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.<br><br>A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en: https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos<br><br>Se non se proporcionan os datos requiridos e o consentimento para o seu tratamento, a solicitude non poderá ser tramitada.<br><br>☐ Dou o meu consentimento para o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente para poder resolver a miña solicitude. |
| | (data)_____<br><br>Sinatura(dixital) _____ |

**SR. PRESIDENTE DO XURADO DO XIII CONCURSO "A CIENCIA EN IMAXE"**

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/E9AA-DD77-447E-AFDB
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: E9AA-DD77-447E-AFDB**

# Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer: ASTERIA MARIA LUZARDO ALVAREZ,**
DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/10/2026 13:00:58.

**CSV: E9AA-DD77-447E-AFDB**

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/E9AA-DD77-447E-AFDB
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page